

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA (incorpórase á sesión, no asunto número 9/769), DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretaria dende o comezo da sesión ata o asunto número 8/768 da orde do día a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez e, desde o asunto número 9/769 ata o remate da sesión, o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes ós días 7 e 9 de outubro de 2009, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación de oficinas, e de licenza de obras de adecuación do edificio existente con licenzas 136/47 e 188/48, na rúa Doutor García Portela.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación na rúa Montirón, número 117 e para rehabilitación de vivenda en rúa Mondoñedo, número 19.

Acórdase a concesión de licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa da Baixa, s/n.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase adiar o asunto relativo a aprobación de bases específicas e programa polos que se rexirá a convocatoria de probas selectivas para proveer oito prazas da subescala facultativa do corpo da Policía municipal do Concello de Lugo e interesarse da Asesoría Xurídica a emisión dun informe.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do Convenio de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Lugo (2009).

Acórdase a adxudicación provisional para a contratación da explotación da cafetería anexa ó Centro de Servizos Sociais “A Milagrosa II”.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase declarar deserto o procedemento de licitación para a contratación dun concerto para a prestación do servizo municipal de sacrificio de gando no Concello de Lugo.
- Acórdase a delegación na Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Economía e Emprego a facultade de aprobar o “Proxecto de reurbanización da rúa da Industria, fase II”, co fin de solicitar subvención á Consellería de Economía e Industria ó abeiro da orde do 4 de setembro de 2009 (DOG: 18-09-2009) para a súa execución.

Lugo, 14 de outubro de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García